# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2020/9 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 22 de decembro de 2020 |
| **Duración** | Desde as 13:00 ata as 13:45 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Carmen López González (1 para 2)**
Administrativa
Data de Sinatura: 05/01/2021
HASH: b0c6c2dc76decd3ff3c51411c683b4df

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 05/01/2021
HASH: 3138d77e67743bc515230753352b99a94

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 24

**APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 27/11/2020.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e sete de novembro dous mil vinte (27/11/2020), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 475/2019. SOLICITUDE LICENCIA URBANISTICA D. JOSE Mª FERNÁNDEZ LOMBARDERO PECHE DE FINCA E ENFOSCADO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Vista a solicitude de licencia formulada por D. JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ LOMBARDERO con NIF.****1346A, con domicilio en Nogueiredo núm. 7, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 06/05/2019, con número de rexistro de entrada 1080 para a realización dos traballos consistentes en LEGALIZACIÓN DE OBRAS DE PECHE DE FINCA E ENFOSCADO DE PAREDE consistentes na execución dun muro de 10 m. de lonxitude de bloque de fábrica de 20 cm. de grosor e con unha altura que varía entre os 80 e os 105 cm. sobre o que se colocou malla metálica, así como un aporte de zahorra pola parte interior do peche sobre unha superficie duns 80 m2, así como o enlucido da parede de pedra, no lugar de Nogueiredo núm. 2, parroquia de Santo Adrao, (Lourenzá) na parcela con Referencia Catastral 002102200PJ41A0001DZ dentro da zona de policía de leitos marxe esquerda do Río Batán, e para o que presenta un presuposto.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 26/11/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Núcleo Rural de Valiña.

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 24



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións ni volumes existentes.
- Os muros de bloque irán revestidos e pintados.
- As obras solicitadas que consisten na realización dun muro de bloque e malla metálica de 20 m. de lonxitude, enfoscado de muro de pedra e extendido de zahorra, son de simple e escasa entidade construtiva e económica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.

-Teranse en conta a condicións que figuran no informe de Augas de Galicia, *Expediente* DH.W27.69416 de data 26/05/2020, que literalmente, se transcriben:

*"1.- As obras que se legalizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- As obras consistiron na execución dun muro de 10 m. de lonxitude de bloque de fábrica de 20 cm. de grosor e cunha altura de varía entre os 80 e os 105 cm. sobre o que se colocou maia metálica ,e por outra parte fíxose un aporte de saburra pola parte interior do peche, sobre unha superficie duns 80 m2, e o enlucido da parede de pedra, no predio con referencia catastral 002102200PJ41A0001DZ, no lugar de Nogueirido, na parroquia de San Adriano, no Concello de Lourenzá (Lugo).*

*As obras sitúanse a unha distancia duns 43 m. medidos polo punto máis próximo entre estas e a marxe esquerda do Río Batán,na súa zona de policía de leitos.*

*3.-Outórgase esta legalización, sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*4.- Toda modificación das características da presente legalización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*5.- A inspección e vixilancia das obras , tanto durante o período de explotación estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que, polos sobreditos conceptos, se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*6.- Esta legalización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*7.-O titular será responsable de cantos danos e perdas poidan*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 24

*ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se legalizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.*
*Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se legalizan.*
*8.- Esta legalización poderá ser revogada polo incuprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, que poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e respecto ás servidumes legais.*
*9.- Esta legalización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións e, en particular da licenza municipal de obras."*
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cen euros con sesenta e cinco céntimos (100,65) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil trescentos cincuenta e cinco euros (3.355,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 331/2019. SOLICITUDE LICENCIA Dª Mª DEL CARMEN CAJOTO TRIGO. SUBSTITUCIÓN CARPINTERIA E PINTURA FACHADA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª. CRISTINA VILLAMIL CAJOTO, con NIF. NÚM.****0515S, en representación de Dª. Mª. del CARMEN CAJOTO TRIGO con NIF.****4893C, con domicilio C/José Cadalso núm.37-6º (28044 Madrid) con data 16/04/2019, sendo rexistrada de entrada co número 817 para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXISTENTE E PINTURA DE FACHADA COMPLETA DE VIVENDA E DE CLÍNICA , sita en el Avda. Calvo Sotelo núm. 2, parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 7749204PJ3174N00001SF, na zona de afección do Río Baos, e no



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 24

trazado do Camiño Norte-Ruta da Costa e no contorno de protección do BIC Mosteiro de San Salvador de Lourenzá e da casa de indianos na glorieta e a ponte da pedra no Río Batán, bens integrantes do Catálogo das Normas Subsidiarias Municipais ,para o que se acompaña Memoria explicativa das obras a realizar, redatada por Dª. Cristina Villamil Cajoto, arquitecta colegiada núm. 13428 del COAM.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 14/12/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Uurbano: Ordenanza de Aplicación: 01C-Residencial Intensiva en Mazá Compacta. Inmoble situado na traza do Camiño Norte de Santiago e no Contorno de protección do BIC do Mosteiro de Lourenzá e da Casa de indianos na glorieta e Ponte da Pedrá do Río Batán.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións ni volumes existentes.
- Cumpriranse as condicións que figuran no punto 2.2 da Resolución da Consellería de Cultura e Turismo de data 31/07/2019 expediente 2019/1361 que literalmente se transcriben:

"*Estudada a documentación presentada e tendo en conta a normativa citada e as características do ben afectado, conclúese que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, son compatibles coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño, co cumprimento das seguintes condicións: a cor branca que se empregue no pintado e nas novas carpinterías será de acabado mate e o máis axustado á correspondencia 0500-N da carta de cor NCS, evitando un branco puro saturado, os acabados brillantes e as texturas pulidas.*"

- Cumpriranse as condicións establecidas na Resolución de Augas de Galicia, de data 09/01/2020, no que constan as seguintes condicións xerais e particulares que se enumeran literalmente:

"<u>A)XERAIS:</u>

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida,*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 24

*en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

B) PARTICULARES:

1.- As obras consistirán no cambio de carpintería exterior e pintado de fachadas e outros elementos na vivenda existente na parcela con referencia catastral 7749204PJ3174N0001SF, na Avenida Calvo Sotelo núm.2, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá (Lugo) na zona de afección do río Baos.

2.-Esta autorización outórgase sobre a base de que neste momento hai unha liña de deslinde definitivo do río e que se trata



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 24

de obras de conservación e mantemento dunha edificación xa existente, polo que a actuación non debería supor un aumento da afección ao dominio público hidráulico e /ou ás súas marxes ou causar outros danos neles,sempre que se realice cunha correcta execución.

As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construído, sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente. Neste sendo (non se legaliza a obra preexistente) o titular asume a realización das obras tendo en conta que deberá estarse de ser caso, ao disposto na Lei de Augas e no seu RDPH, e en todo caso, tendo en conta o carácter inalienable, imprescriptible e inembargable do dominio público hidráulico.

3.-*A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.*

*4.- Advírteselle ao titular que segundo os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o río Baos, en parte da zona das actuacións están considerados dentro das Areas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa. A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.*

*Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico , o promotor presenta o 05/12/2019 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados , con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*

*A interesada deberá dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.*

*Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.*

*A estes efectos, extremaranse as medidas de seguridade na execución das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación , polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.*

*A zona de fluxo preferente e inundable pode consultarse no*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 24

*visor da web de Augas de Galicia na seguinte ligazón :http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/.*

5.-*Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin con andamios nin se vadearán.*

6.- *Non se executará corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.*

*7.- De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as auga discorrerán polo lugares polos que o farían de xeito natural.*

*8.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas do río polo que as obras executaranse en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.*

9.-*Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteración na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*

10.- *Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materias de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón, cemento, materiais de pintado , ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.*

*11.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 24

*<u>regula a proteción das aguas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.</u>*

*12.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse preferentemente fóra da zona de servidume de leitos públicos, da zona de fluxo preferente e zonas inundables, e, en todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade delas así como todas as medidas de seguridade precisas, colocaranse o tempo mínimo imprescindible. Neste senso debe estar atento ás previsións metereolóxicas e ás alertas por enchentes, sendo responsabilidade do solicitante a retiradas destes elementos.*

*13.- Os traballos non se executarán preferentemente en época de chuvias nin de enchentes previstas. Lémbraselle ao promotor a posibilidade de cosulta das previsións meterolóxicas nas webs públicas dos organismos competentes na materia para a planificación dos traballos ( sección de "Avisos" de Meteogalicia e "Plan Meteoalerta do AEMET)*

*14.-Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar a consturcción. Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das vivendas o recollido no Anexo VII ("Consellos á poboación ante o risco de inundacións") da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).*

*15.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.*

*16.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*17.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*

*18.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 24

*considere oportuno".*
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar catrocentos once euros con cincuenta e catro céntimos (411,54) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en trece mil setecentos dezasete euros con noventa e nove céntimos (13.717,99.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 621/2020. SOLICITUDE LEGALIZACIÓN OBRAS D. ANTONIO FERNÁNDEZ VIDAL.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por D. ANTONIO FERNÁNDEZ VIDAL con NIF.****2410C e na súa representación Dª. Rosalía Belén Fernández López, con NIF.****5262R, con domicilio en Solleiro, núm.4, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 23/11/2020 sendo rexistrada de entrada co núm. 2188, para a realización dos traballos consistentes en LEGALIZACIÓN DE OBRAS DE RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR sita en Solleiro, núm.4, parroquia de Santo Adrao, (Lourenzá) na parcela con Referencia Catastral 27027C008024290000DI e a 26 metros do borde asfaltado da LU-P-2801"SANTO TOMÉ (LU-122)-AUGAXOSA-MAZO (LU-124), Km. 0+900 marxe dereita e para o que presenta un proxecto técnico de data Novembro-2020 redactado polo arquitecto, D. José María Alonso Montero, colexiado núm.381 del COAG.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 09/12/20 a saber:
-Estrita suxeición ao solicitado.
-Normativa aplicable: Solo non Urbanizable de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas no proxecto redactado polo arquitecto, D. José María Alonso Montero, con data novembro de 2020, consistentes na reversión da topografía á forma primixenia existente antes da construción da



Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 24

edificación quedando xustificado mediante o levantamento topográfico actual nas parcelas en San Adriano e reconstrución e xustificación topográfica primitiva da zona realizado por D. Richard Redondas Reigosa, con data 31/08/20 e que se incorpora ao proxecto técnico de arquitecto e no que se da cumprimento á altura de cornisa permitida pola normativa de aplicación, 7 metros.

- Por outra parte eliminase a planta semisótano recheando a maior parte do espazo interior con material de aporte deixando unicamente unha cámara de aire que constitúe un forxado sanitario, co cal elimínase a planta inferior, quedando unha edificación de dúas plantas que permite a normativa de aplicación.

Así mesmo modifícanse as ventás da planta cuberta e elimínanse os ocos do semisótano.

- O inmoble encóntrase no contorno de protección da Casa indiana en Lanzós /Catalogada polo que deberán cumprirse as condicións a que fai referencia o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia de data 18/11/2020, expete 27804.1, indicándose literalmente en dito informe o seguinte:

"<u>Descrición da actuación</u>:

<u>Anteriormente informouse</u>: O proxecto describe as obras de reposición á legalidade dunha construción para uso vivenda. No ano 1983, o interesado obtivo licenza municipal para a construción de vivenda nunha parcela da súa propiedade na que existían unha nave. Na actualidade esta parcela segregouse; de tal xeito que a nave atópase nunha parcela e a vivenda noutra. A vivenda comezou a construírse máis sen chegar a acabala a día de hoxe. Na execución das obras decidiuse executar un semisoto por debaixo da vivenda que levou consigo o desmonte do terreo e modificouse lixeiramente a composición dos ocos de fachadas. Así mesmo, a cuberta resolveuse sen salto no cumio para o que obtivo licenza en 2005. As actuacións propostas para a reposición da legalidade son as seguintes:

a) Reversión da topografía á súa forma primixenia, deixando un paso de acceso ao semisoto para o cal se executarán muros de cachoteria de pedra para a contención de terras.

b)Eliminación dos ocos das fachadas laterais a nivel de baixocuberta.

c) Os ocos do semisoto verán reducidas as súas dimensións polo recheo e pecharanse con reixas.

Agora remítese anexo no que se incorporan os condicionantes expostos no informe previo desta Consellería: as fachadas remataranse recebadas con morteiro bastardo e remataranse pintadas en cor NCS 1510-Y40R, e colocarase carpintería exterior en aluminio lacado en cor NCS 0502-Y. Por outra banda proponse a eliminación da entrada o semisoto, mediante aportación de terra e o recheo interior do semisoto, co fin de convertelo en forxado sanitario da planta baixa.

<u>Conclusións:</u> As actuacións propostas son acordes cos condicionantes expostos na resolución previa desta Consellería e non menoscaban as características do ámbito do ben protexido. Nestas condicións, emítese



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 24

informe favorable, e polo tanto RESOLVESE autorizar o solicitado.
Dita autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros, e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela."

- Teranse en conta as condicións especiais que constan na autorización da Deputación Provincial de Lugo de data 23 de xuño de 2020 e que se transcriben literalmente:

"A) CONDICIONES ESPECIALES.

PRIMERA.- Se autoriza la legalización de la edificación por estar situada la misma a distancia superior a la línea límite de edificación situada a siete (7) metros desde el borde exterior de la calzada debiendo resultar fuera de la zona de servidumbre y a distancia superior a 10 m. del eje de la vía provincial, medidos en horizontal y perpendicular al mismo, según definición del art. 41 de la Ley 8/2013 de Carreteras de Galicia, modificada por la Ley 3/2018 de 26 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas y Acuerdo del Pleno de esta Diputación de 30/04/2019.

SEGUNDA.- La presente no constituye autorización para la creación o modificación de un acceso a la carretera provincial, debiendo el peticionario solicitar autorización para dicho acceso, debiendo cumplir la Orden de 23 de mayo de 2019 por la que se regulan los accesos en las carreteras de Galicia y en sus vías de servicio.

TERCERA.-Entre la carretera y la línea límite de edificación definida anteriormente se prohíbe cualquier tipo de construcción de nueva plana por encima o por debajo de la rasante del terreno, los cierres no diáfanos o de fábrica ( Art.48 de la Ley 8/2013).

CUARTA.- La ejecución en la zona afección de la vía provincial según definición del art. 40 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, de cualesquiera obras, construcciones o actividades no expresamente comprendidas en la presente autorización, deberán ser objeto de autorización mediante presentación por el interesado de la correspondiente solicitud de obra.

QUINTA.- La presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes.
Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.

SEXTA.- Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación el art. 9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Autorizaciones de obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales, BOP. 258 de 10/11/1995 y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial bienes de dominio público provincial BOP. 261 de 13/11/1998) y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 24

de 17 de diciembre, General Tributaria en su art.62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.
SÉPTIMA.- Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas por el personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de Doce (12) meses contados a partir de la fecha de la notificación. El incumplimiento de las referidas condiciones significa la nulidad de la autorización, pudiendo dar lugar al correspondiente procedimiento sancionador y responsabilidades que se pudieran detraer.
B) CONDICIONES GENERALES.
Primera.- La persona que se halle al frente de las obras deberá tener en su poder esta autorización o una fotocopia de la misma, con la obligación de presentarla al personal encargado de la vigilancia de la vía.
Segunda.- Se prohíbe depositar sobre la vía afectada materiales o escombros con motivo de estas obras.
Tercera.- Esta autorización se otorga en precario, dejando a salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de otras competencias concurrentes o autorizaciones sectoriales necesarias.
Cuarta.- La conservación de las obras objeto de esta autorización en el debido estado de uso será de cuenta del concesionario.
Quinta.- El incumplimiento de cualquiera de las precedentes condiciones lleva consigo la nulidad de esta autorización y la consiguiente demolición de las obras, por cuenta del usuario de las mismas."

**CONTINUACIÓN OBRA 621/2020 LIQUIDACIÓN ICIO LICENCIA OBRA ANTONIO FERNÁNDEZ VIDAL.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que produciuse unha omisión na redacción do borrador da acta no punto anterior, por Secretaría inclúese o seguinte parágrafo para ser incorporado ó texto do punto anterior:
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación formulada por Secretaría-Intervención segundo a que o interesado, como trámite previo á concesión da licenza deberá abonar a cantidade de CENTO NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (193,32) en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, o que ven a supoñer o 3% do presuposto total da obra que ascende a SEIS MIL CATROCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (6.444,07).- A autorización enténdese concedida deixando a salvo o


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 24

dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 344/2020. BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA ARI. PLAN ESTATAL VIVENDA 2018-2021. 10ª FASE.**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Pola Alcaldía informouse que, de conformidade co disposto no punto CUARTO.- Outros Compromisos, concretamente no que se refire ó punto 3 dos Compromisos do Concello de Lourenzá do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 29/10/2020 relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de respecto(10ª fase)/Plan Estatal de Vivenda 2018-2021/Anualidade 2020 e asinado polo Concello o día 02/11/2020, facíase necesario, nun prazo de catro meses dende a sinatura do dito acordo, a elaboración e aprobación dunhas Bases Reguladoras das Subvencións para as actuacións previstas neste ámbito para a nova fase 10ª, da Area de Rehabilitación e Zonas de respecto do Concello de Lourenzá.

Así pois, vistas as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ, para o PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 , FASE 10ª, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ, para o PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-202/FASE 10ª, que se unen como Anexo ó presente acordo.

SEGUNDO: A publicación das citadas Bases e a correspondente convocatoria no BOLETIN OFICIAL PROVINCIAL da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 871/2018. SUBVENCIÓNS DEPORTES 2020**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 24

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Á vista da acta da Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ao abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2020, que se transcribe seguidamente:

"En Lourenzá ás doce horas do día quince de decembro do dous mil vinte na Casa Consistorial constitúese a Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2020, presidida por la Sra. Alcaldesa Dª. Rocío López García, actuando como vocal o Técnico Municipal de Deportes D. Ruben García Piñeiroa e actuando como Secretaria a funcionaria Dª Carmen López González, por delegación da Secretaria titular.

De conformidade co disposto nas citadas bases procédese pola Comisión de Valoración a examinar as solicitudes presentadas que ascende a tres, e que se reseñan seguidamente:

- Solicitude núm. 1 presentada o día 02/12/20 e rexistrada de entrada co número 2020-E-RE-285, por Don Pablo Maseda Fernández con D.N.I. nº 77.592.743N, en representación das Escolas Deportivas de Lourenzá solicitando na categoría de axudas para actividade competitiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 12.100 euros, e solicitando unha subvención por importe de 2.500 euros.
- Solicitude núm. 2 presentada o día 03/12/20 e rexistrada de entrada co número 2019-E-RE-287, por Doña Pura Alvarez Rico con D.N.I. nº 33304812F, en representación da Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá" solicitando na categoría de axudas para actividade deportiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 317,00 euros, e solicitando unha subvención por importe de 300 euros.
- Solicitude núm. 3 presentada o día 07/12/20 e rexistrada de entrada co número 2286 por D. Luís Manuel Graña González con D.N.I. nº 45433736L, en representación de Club Atletismo Lourenzá solicitando na categoría de axudas para actividade deportiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 969,36 euros, e solicitando unha subvención por importe de 500 euros.

Seguidamente pola Comisión de valoración á vista das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas



Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 24

na anualidade de 2020, propón a concesión das seguintes axudas:
1.- As Escolas Deportivas de Lourenzá: 2.500 euros.
2.- A Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá": 250 euros
3.- Ao Club Atletismo Lourenzá: 250 euros.
Pola Sra. Alcaldesa maniféstase que a presente acta será elevada, xunto con todo o actuado, á Xunta de Gobierno Local, quen aprobará as axudas correspondentes.
A las doce horas e corenta minutos do día da data dase por finalizado este acto. Do que transcrito en esta acta, que firman os integrantes da Mesa para a apertura de plicas, conmigo Secretaria que dou fe."
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO: Conceder ao abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2020, as seguintes axudas:
1.- Ao Club Atletismo Lourenzá: 250 euros
2.- As Escolas Deportivas de Lourenzá: 2.500 euros.
3.- A Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá: 250 euros
SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución ao Club Atletismo Lourenzá, ás Escolas Deportivas de Lourenzá e a Asociación de Senderismo "Terras de Lourenza", para que antes do 31/03/21 presenten a documentación xustificativa da axuda económica e que segundo as bases citadas é a seguinte:
-Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados.
- Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada que conterá:
1.- Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.
2.- Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.
3.-Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ata o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen Terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas ("*estampilladas*") polo órgano xestor.
4.-Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 24

concesión, segundo o modelo normalizado.

5.-Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

6.- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.

7.- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.

8.- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará – de ser o caso – a correspondente subvención unha vez tramitada a documentación presentada.

9.-Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

10.- Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa do CONCELLO DE LOURENZA SE inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

**Expediente 193/2020. ADHESIÓN Ó CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPTENCIA CONCELLOS POR INCUMPRIMENTO MEDIDAS PREVENCIÓN LOITA CONTRA COVI-19**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, pola Alcaldía informouse do contido do escrito achegado pola Dirección Xeral de Administración Local referente ó contexto da actual crise sanitaria causada pola COVID-19 e o papel das administracións públicas para vixiar, inspeccionar e controlar o cumprimento das medidas extraordinarias( tanto estatais como autonómicas) de restrición da mobilidade, do contacto social ou do



Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 24

exercicio de certas actividades, para a prevención e contención da pandemia e no que se informa que tendo en conta as dificultades dos concellos para a tramitación das sancións polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas, a Xunta propuxo á FEGAMP axudar ós concellos na tramitación dos procedementos sancionadores relacionados co Covid-19 a través dun Convenio que a Fegamp aceptou e a través do mesmo, nos concellos que se adhiran, será o persoal empregado publico da Administración autonómica quen se encargue de levar a cabo as actuacións auxiliares e de colaboración material para axilizar os procedementos. O prazo para a adhesión finaliza o 30/12/2020.
A Xunta de Goberno Local, visto o contido do escrito así como do Convenio, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, ACORDA:
PRIMEIRO.- Solicitar a Adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co cumprimento das medias de prevención aprobadas para a loita contra o COVI-19.
SEGUNDO.-Manifestar a súa vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do citado convenio, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.
TERCEIRO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.
CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo así como o Anexo II-Protocolo de Adhesión á Secretaría da Dirección Xeral, da Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 384/2019.ADXUDICACIÓN OBRA "MELLORA, ACCESO E PECHE CAMPO DE FÚTBOL"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vistas as características do contrato que se pretende adxudicar da obra: "OBRAS DE MELLORA, ACCESO E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA" por importe de trinta e cinco mil oitocentos nove euros con trinta e tres céntimos (35.809,33) o que se engadirá



Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 24

un I.V.E. de sete mil cento cincuenta e nove euros con noventa e seis centimos (7.159,96) ascendendo o presuposto total á cantidade de corenta e tres mil trescentos vinte e nove euros con vinte e nove céntimos(43.329,29) e examinada a documentación que a acompaña.
Visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Visto que se presentaron presupostos de tres empresas:
- Construciones Isidro Otero S.L. con C.I.F. B27250182 por importe de trinta e cinco mil setecentos oitenta e cinco euros con doce céntimos (35.785,12) máis sete mil cincocentos catorce euros con oitenta e oito céntimos de I.V.E. (7.514,88) o que fai un total de corenta e tres mil trescentos euros (43.300).
- Cholo S.L. con C.I.F. B27028810 por importe de trinta e cinco mil oitocentos nove euros con trinta e tres céntimos (35.809,33) mais sete mil cincocentos dezanove euros con noventa e seis euros de IVE (7.519,96) o que fai un total de corenta e tres mil trescentos vinte e nove céntimos con vinte e nove euros (43.329,29).
- Construcciones Carballeira S.L. con C.I.F. B27121961 por importe de trinta e cinco mil oitocentos un euros con sesenta e cinco céntimos (35.801,65) máis sete mil cincocentos dezaoito euros con trinta e cinco céntimos de I.V.E. (7.518,35) o que fai un total de corenta e tres mil trescentos vinte euros. (43.320)
A Xunta de Goberno en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:,
PRIMEIRO.- Xustificar a celebración do contrato “OBRAS DE MELLORA, ACCESO E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA”, segundo Memoria valorada redactada pola Técnica Superior de Edificacións e Obras Dª Ana Belén Mera Arias, por importe de 43.300,00 IVE incluído, que será financiado ó 100% pola Exma. Deputación Provincial, en virtude dunha Addenda de modificación ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá, asinada o 16/11/20 e a obra deberá estar finalizada o día 15/02/21, quedando acreditado que a contratación mediante un contrato menor de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.
SEGUNDO.- Contratar a obra de “OBRAS DE MELLORA, ACCESO E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA” coa empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO,S.L., con CIF. B-27250182 e con domicilio fiscal en Rúa Valiñadares núm. 8 (27748 Mondoñedo) no



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 24

prezo de CORENTA E TRES MIL TRESCENTOS EUROS (43.300,00) EUROS, IVE INCLUIDO, e co seguinte desglose:
Prezo 35.785,12 euros.
I.V.E. 7.514,88 euros.
Total: 43.300,00 euros.
TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente, que ascende a Corenta e tres mil trescentos euros (43.300,00), IVE incluído, na partida 340.619 do vixente Presuposto de Gastos
CUARTO.- Una vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago, se procede.
QUINTO-. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data de adopción do presente acordo.
SEXTO.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o valor engadido.

**Expediente 937/2019. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 11/12/20 SOLICITUD PRÓRROGA ADDENDA ARI 2013-2016.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a Resolución da Alcaldía de data 11/12/20 pola que se solicita a prórroga da Addenda 2013-2016 *para a execución das actuacións dos programas de fomento do parque público de vivenda en aluguer e de fomento da rexeneración e renovación urbanas do plan estatal 2013-2016,* a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes acordou a ratificación da dita Resolución nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:
*"Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá (Lugo) no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente e á vista do informe redactado por Marta Sánchez Seivane, arquitecta da ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO ANTIGO DE VILANOVA DE LOURENZÁ E ZONA DE RESPECTO en relación á participación do Concello de Lourenzá na AMPLIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DO PARQUE PÚBLICO DE VIVENDA EN ALQUILER E DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL 2013-2016, ao abeiro da publicación no BOE*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 24

*do o Real Decreto 1084/2020, do 9 de decembro, polo que se modifica a a disposición transitoria primeira do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, VEN A RESOLVER:*

*PRIMEIRO: Solicitar a AMPLIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DO PARQUE PÚBLICO DE VIVENDA EN ALQUILER E DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL 2013-2016.*
*SEGUNDO: Presentar a solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que deberá facerse por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.*
*CUARTO: Ratificar a presente resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se celebre."*

**Expediente 648/2020. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA LIXO D. ENRIQUE RODRÍGUEZ LOREDO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 2257 de 02/12/20 subscrita por D. ENRIQUE RODRÍGUEZ LOREDO con D.N.I. núm. ****7634T con domicilio en Soutelo, núm. 3, da Parroquia de Santa María deste Termo, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Soutelo, núm. 3, que antes figuraba a nome de D. Jesús Rodríguez Blanco, e para que agora figure a nome de D. ENRIQUE RODRÍGUEZ LOREDO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre de 2020.

**Expediente 649/2020. CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª RAQUEL LÓPEZ VICAINO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 2274 de 04/12/20 subscrita por Dª. RAQUEL LÓPEZ VIZCAÍNO con D.N.I. núm. ****2629R con domicilio en Campo da Feira núm. 2, 1º A da Parroquia de Santa María deste Termo, na



Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 24

que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Campo da Feira, núm. 2, que antes figuraba a nome de Dª. Mª Victoria Pérez Rodríguez, e para que agora figure a nome de Dª. RAQUEL LÓPEZ VIZCAÍNO.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre de 2020.

**Expediente 665/2020. SODLICITUDE BAIXA LIXO ALUMINIOS LEITON S.L.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude de 10/12/20 subscrita por D. JOSE ADERITO LEITÓN RAMALLAL con D.N.I. núm. 9024M, con domicilio en Currega núm. 5 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal en representación de ALUMINIOS LEITÓN S.L. con C.IF. B27186675 na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Lanzós núm. 5, San Adriano, por cese de actividade industrial.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:
Autorizar a baixa de ALUMINIOS LEITÓN S.L. con C.IF. B27186675 no Padrón de recollida de resíduos sólidos urbanos en Lanzós núm. 5, con efectos do 4º trimestre de 2020.

**Expediente 20/2020. BAIXA NO POSTO DE MERCADO D. FRANCISCO ROMERO MONTOYA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude de 09/12/20 subscrita por D. FRANCISCO ROMERO MONTOYA con D.N.I. nº ****3186H con domicilio en C/ Sanmartín, núm. 7, 3º E de Tapia de Casariego na que solicita a baixa no posto de Mercado número 20, así como a exención da taxa do mercado nos meses que estivo pechado con motivo do Covid-109.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:
1º.- Autorizar a baixa no posto de mercado nº 20 de D. FRANCISCO



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 24

ROMERO MONTOYA con efectos do 31 de decembro de 2020.
2º- Desestimar a solicitude de exención da taxa do mercado durante os meses en que estivo cerrado polo Covid 19 por non existir ningunha exención na Ordenanza reguladora de dita taxa.
3º- Notificar o presente acordo a D. FRANCISCO ROMERO MONTOYA, aos efectos procedentes.

**FACTURAS E CERTIFICACIÓNS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A) A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| GANDERÍA VIDARTE NIF.J27388693 | Núm.490 de 01/12/20 . | Desbroce pistas | 9.692,10 |
| **TOTAL** | | | **9.692,10** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 24

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2T4YD5CP73K4AJG6KT2QRWLL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 24